

## O DIRECTOR XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR VISITA A REFINERÍA DE REPSOL NA CORUÑA

O Director Xeral de Emerxencias e Interior de Galicia, Luís Menor, xunto ao Subdirector Xeral de Planificación e Protección Civil, Jose Antonio Grandas acompañados de distintos xefes de servizo e área da súa Dirección Xeral visitaron a Refinería de Repsol na Coruña.

O comité de Dirección do Complexo industrial, encabezado polo seu Director, Luis Felipe Llamas fixo unha presentación da empresa con especial incidencia nos sistemas e medidas de seguridade e prevención. Posteriormente, durante un percorrido polas instalacións os visitantes puideron coñecer os medios e equipos especiais contraincendios que se despregaron no parque de Seguridade, que constitúen unha das dotacións máis importantes de Europa nun centro destas características.

O Director Xeral reiterou o agradecemento pola colaboración da Refinería de Repsol na extinción do incendio da nave de Acteco en Sabón hai uns días, destacando a coordinación e bo facer de todas as forzas de seguridade e efectivos de emerxencia que participaron no conxunto do operativo.

Así mesmo, Luís Menor como máximo responsable do Plan de Emerxencia Exterior do Polígono A Grela -Bens, no que están incluídos tanto Repsol Petróleo como Repsol Butano, CLH e Alcoa, anunciou que para o ano que vén, está prevista a realización dun simulacro de activación do plan de emerxencia exterior do Polígono. Este exercicio terá como obxectivo que todas as partes implicadas estean mellor preparadas para actuar ante unha situación de emerxencia real, así como familiarizar á poboación da contorna co son das sirenas de aviso. Cabe destacar que o Plan de Emerxencia Exterior da Grela-Bens foi revisado e actualizado recentemente.